

IES Lauro Olmo O Barco de Valdeorras

ADMISIÓN

DEBERA REALIZAR O PROCESO DE ADMISIÓN: Todo o alumnado que non sexa do IES lauro Olmo ou pertenza ó centro adscrito Condesa de Fenosa e quera continuar estudos no IES Lauro Olmo de O Barco de Valdeorras.

CRITERIOS DE ADMISIÓN

1º- Existencia de irmáns matriculados no centro ou pais ou titores legais que traballen neste centro (só se están matriculados no ano no que o alumno-a, solicite a admisión) acreditarase coa copia do libro de familia.

- 1 Por un irmán: 5 puntos, polo segundo e seguintes: 2 puntos por cada un

2º- Trballo continuado no centro:

- 5 puntos, non acumulables no caso de que os dous pais traballen no centro.

3º- Proximidade do domicilio familiar ou do lugar do traballo dos pais, titor ou alumnos maiores de idade emancipados. Se os pais están separados, considerarase como domicilio familiar aquel que teña a garda e custodia legalmente atribuída.

o *Domicilio familiar* acreditarase mediante certificación do Padrón municipal.

- Na área de influencia: 5 puntos
- Nas áreas limítrofes á zona de influencia do centro: 2 puntos
- Noutras áreas: 0 puntos

o *Lugar de traballo*.

Acreditarase mediante certificación expedida polo titular ou responsable de persoal da empresa e por unha copia do contrato laboral, ou mediante a alta na Seguridade Social.

- Dentro da área de influencia: 3 puntos
- Limítrofe á área de influencia: 1 punto
- Noutras áreas: 0 puntos

3-Rendas anuais da unidade familiar

4- Concorrenza de discapacidade do alumno, pais, irmáns ou titor.

o Puntuaranse as discapacidades de grao igual ou superior ao 33% do alumno, pai, nai, titores, irmáns.

- Discapacidade do alumno: 3 puntos
- Discapacidade dos pais/titores: 2 puntos cada un deles
- Discapacidade dos irmáns: 1 punto por cada un deles

5-Familia numerosa. Acreditarase mediante fotocopia compulsada do título oficial de familia numerosa que deberá estar en vigor ou da solicitude de

- 1 punto

❖ Para as ensinanzas do bacharelato terase en conta o expediente académico do alumno. Acreditarase mediante certificación académica persoal.

- Nota media de sobresaliente: 1 punto
- Nota media de notable: 0,5 puntos
- Nota media de ben: 0,25 puntos

Puntuación

A orde de admisión decidirase coa puntuación total de todos os baremos.

No caso de empate na puntuación final, aplicaranse sucesivamente os seguintes criterios de desempate

- o Maior puntuación no punto de irmáns
- o Maior puntuación no punto de traballo no centro
- o Maior puntuación por domicilio familiar ou laboral
- o Maior puntuación por discapacidade
- o Maior puntuación por renda
- o Maior puntuación por expediente (só en acceso a bacharelato)
- o Ter a condición de familia numerosa.

Se persistira o empate realizaríase un sorteo.

ALUMNADO DE CICLOS FORMATIVOS

O alumnado seguirá o proceso de admisión marcado pola consellería e recollido na páxina web www.edu.xunta.es/fp.